

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de xuño do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Pedro Cambón Fernández.

José Luis Sampedro Bouzas.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 2 de xuño de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 12 de maio de 2016.
- 2º.- Licenza de vado permanente.
- 3º.- Licenzas de obra maior.
- 4º.- Licenzas de obra menor.
- 5º.- Solicitud de prórroga de licenza de obra maior.
- 6º.- Comunicación previa (obra menor).
- 7º.- Comunicación previa (actividade).
- 8º.- Prezo público: Excursión da terceira idade a Braga e Valença do Minho.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 12 DE MAIO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 12 de maio de 2016.

SEGUNDO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MIGUEL ANGEL PEREZ NOVO, con domicilio na Rúa da Senra 5, Os Ánxeles, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Rúa da Senra 5, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DEL CARMEN LIÑARES REY, con domicilio en Cirro 18, San Salvador, de solicitude de licenza para construír un galpón na explotación existente de gando vacún en Cirro 18, San Salvador, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 15/02/2016 e documentación complementaria visada o 14/04/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 15/02/2016 e documentación complementaria visada o 14/04/2016.

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 405,00 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 25 de maio de 2016.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Oitavén Barcala, que di actuar en representación da CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, con domicilio no Edificio Administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela, de solicitude de licenza para reforma e ampliación do comedor do CEIP de Pedrouzos, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jorge Álvarez Rúa, revisado polos Servizos Centrais, Supervisión de Proxectos, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, expediente ED-46/15-MSRP.

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano de equipamento local, uso educativo.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jorge Álvarez Rúa, revisado polo Servizos Centrais, Supervisión de Proxectos, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, expediente ED-46/15-MSRP.

- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ELIGIO GOMEZ MONTERO, con domicilio en Ribasdemar, Tarás 7, Outes, na que solicita licenza de obra para colocar un tubo de formigón de 40 cm. de sección e 15 m. de largo sobre a cuneta de entrada á parcela con referencia catastral 15013A032000270000UT, situada na Pedreira, Luaña.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se repoña o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por LUIS LINO RODRIGUEZ CASTRO, con domicilio na Avd. Vicente Ramos 26, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para reparar a cuberta do alpendre de 12 x 6 metros, substituíndo a cobertura actual por outra nova a base de uralita e tella do país, na Avd. Vicente Ramos 13, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 27 de maio de 2016 (expediente 843/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que non se altere nin a volumetría nin a configuración actual da cuberta.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DEL CARMEN GOMEZ ABEIJON, con domicilio na Graña 10, Cornanda, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Goiáns 10, Luaña:

- Cambiar 10 ventás e 2 portas por outras novas de aluminio de cor branco.
- Pintar o fronte e os laterais da vivenda de 110 m² de superficie.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 27 de maio de 2016 (expediente 844/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que a cor das fachadas se pinten nunha cor da gamas dos brancos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia asinada por JULIO CESAR MARTINEZ SUAREZ, con domicilio en Soigrex 18, Bastavales, na que comunica que vai a reparar a cuberta dun alpendre de 25 m² de superficie, substituíndo a uralita existente por tella, sen incrementar o volume actual da cuberta, en Soigrex, Bastavales.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural NRL1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 27 de maio de 2016 (expediente 746/16), por unanimidade, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que non se altere a configuración actual da cuberta.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha instancia asinada por VICENTE ROMERO REY, con domicilio en Fonte Paredes 5, Ons, na que comunica que vai a reparar un muro de pedra de 45 metros lineais, consistente na limpeza da maleza e no encintado da pedra, sen incrementar o seu volume, en Fonte Paredes, Ons.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural NRO2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 27 de maio de 2016 (expediente 722/16), por unanimidade, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que o encintado se execute con xunta refundida de morteiro bastardo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha instancia asinada por RAFAEL CARBALLEDO ALONSO, con domicilio en Río Vespasanta 17, 2ºD, Piñeiro, Narón, na que comunica que vai recebar a fachada dianteira e lateral do galpón de 6x6 metros de lonxitude e pintalo en cores claras, sen incrementar o seu volume, sito en Lamiño.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano UC2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 27 de maio de 2016 (expediente 723/16), por unanimidade, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- SOLICITUDE DE PRORROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN JOSE CACHO NIETO, con domicilio en Rúa Xesteira nº1, 1ºA, Bertamiráns, Ames, na que solicita prórroga do prazo de iniciación das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Cirro 26, San Salvador, concedida na Xunta de Goberno Local do 28/05/2015.

A Xunta de Goberno Local o 01/12/2015 concedeulle prórroga de seis meses para iniciar as obras de construción da vivenda.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder unha prórroga de seis meses para o inicio das obras contados a partir da data de concesión desta prórroga.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO MANUEL SEÑORIS CARBALLO, con domicilio en Tembra 62, Boullón, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre de 130 m² de superficie, substituíndo a uralita existente por uralita e tella, sen incrementar o volume actual da cuberta, na Avd. de Noia 39, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SETIMO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Fernando Lizuain Calvo, que di actuar en representación de CONCEPCION PUERTAS FLORES, con domicilio na Avd. dos Ánxeles 43, local A, Os Ánxeles, para o funcionamento da actividade de obrador artesanal de panadería na Avd. dos Ánxeles 43, local A, Os Ánxeles, segundo certificado final de obra redactado pola enxeñeira agrónoma María Álvarez Ramos, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia o 08.10.2015 e anexo 1 ao mesmo visado con data 20.05.2016, e certificado de avaliación de niveis de illamento acústico redactado pola enxeñeira da edificación e arquitecta técnica María Luisa Calvete de la Iglesia.

A Xunta de Goberno Local o 11/09/2015 concedeulle licenza a Concepción Puertas Flores para a instalación do obrador artesanal de panadería na Avd. dos Ánxeles 43, local A, Os Ánxeles.

A edificación emprázase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación de acordo co artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a apertura do establecemento dedicado a obrador artesanal de panadería, situado a Avd. dos Ánxeles 43, local A, Os Ánxeles.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

OITAVO.- PREZO PÚBLICO: EXCURSIÓN DA TERCEIRA IDADE A BRAGA E VALENÇA DO MINHO.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia á “Excursión da terceira idade a Braga e Valença do Minho”, que se celebrará o 18 de xuño de 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia á “Excursión da terceira idade a Braga e Valença do Minho”, de acordo coa seguinte tarifa:

- . Prezo público por participante.....25,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González